

Actividades

Actividades de discriminación auditiva

- Recoñecer ruidos de animais, instrumentos musicais, obxectos e materiais domésticos, ...
- Imitar os ruidos anteriormente citados.
- Dicir palabras que empecen cun fonema dado. (Cunha letra que lle digamos, especialmente naquelas nas que teñan dificultades na pronuncia).
- Xogar ao vexo-vexo.
- Aprender cancións.

Actividades para o entreno buco-facial

- Realizar xogos de sopro: Inflar globos, sorber con palliñas, tocar pitos, trompetas, facer pompas de xabón, apagar candeas, soprar papeliños, facer carreiras de sopro con anacos ou boliñas de distintos tipos de papel ...
- Comer coa boca pechada (na medida en que isto sexa posible), así facilitámoslle a respiración nasal, entre outras cousas.
- Insistir na mastigación dos alimentos. Deste xeito, fortalecemos toda a zona buco-facial.
- Realizar movementos de mandíbula, lingua, beizos e meixelas diante dun espello para que nos imite mellor.

Actividades para ampliarlo seu vocabulario

- Tarefas de enumeración: Dicir por exemplo cinco cousas que haxa na cociña ou mencionar tres nomes de animais.
- Tarefas de análise: Por exemplo, dicir tres partes dun coche ou enumerar cinco elementos presentes nunha casa.
- Tarefas de asociación: Por exemplo, tres cousas que poida facer unha vaca outres sitios onde poidas pasear.
- Xogar á cadea de palabras: Intentar dicir palabras que rimen, (la, sa, irmá, murciá...) ou intentar encadear palabras (masa, saca, casa, sapo, polo, lobo, bota...)

Actividades para mellorar a súa estruturación lingüística:

- Partindo dunha palabra, intentar facer frases (si é posible, ter imaxes de dibuxos cos que inventaremos as oracións).
- Que o neno/a nos conte ou invente historias ou cancións, explique as súas experiencias, alguna foto ou imaxe,...

Recursos on line para estimular a adquisición e desenvolvemento da linguaxe.

<http://roble.pntic.mec.es/>

<https://www.maestrosdeaudicionylenguaje.com/>

<http://www.webantoniaortega.com/>

Pautas de
estimulación da
linguaxe oral

CEE TERRA DE
FERROL

Rúa Irmandade Doadores de
Sangue de Ferrolterra s/n
15405 Ferrol
Teléfono: 881 93 01 87
cee.terra.ferrol@edu.xunta.es

Pautas xerais

1. Controlar o estado do aparato respiratorio do neno/a para previr posibles resfriados, ronqueiras, otites, etc.

- A partir dos 2 anos (idade orientativa) non se lles debe dar chupete ou biberón, xa que o seu uso prolongado produce deformacións na boca, nos dentes e no padal.

- Aos 4 anos (idade orientativa) xa debe levar unha alimentación totalmente normalizada.

2. Falarlles lenta, claramente, coa entoación e xesticulación adecuada, e de forma axeitada.

- Falarlle de fronte, con palabras sinxelas e facendo que nos mire.

- Ter paciencia e si se equivoca ou non o di correctamente, ofrecer o modelo adecuado.

3. Xogar fronte a un espello realizando diversos exercicios que favorecen a habilidade motora dos órganos articulatorios, como son os beizos e a lingua:

- Sorir sen ensinar os dentes.

- Mandar biquiños.

- Mover os beizos cara a dereita e cara a esquerda.

- Apretar e afloxar os beizos sen abrir a boca.

- Sacar a lingua ao máximo posible.

- Sacar a lingua e levala cara o nariz e logo cara o mentón.

- Mover a lingua dun lado cara outro.

- Tocar coa punta da lingua os dentes.

- Recorrer os beizos e os dentes coa punta da lingua.

- Zumbar os beizos, imitando o son do avión.

- Vibrar os beizos e intentar vibrar a lingua imitando o son da moto.

En xeral, trátase de realizar todos aqueles exercicios que lle axuden a dar a suficiente mobilidade, forza e control a os seus órganos buco faciais e a acercarnos ás posicións correctas para articular diferentes fonemas, de xeito que parezan xogos.

4. Favorecer o enriquecemento de vocabulario e potenciar a expresión oral:

Para iso, podemos pedirilles que nos definan conceptos de obxectos concretos, pero que non limiten a definición ao seu uso. Poñamos por exemplo: Se lles pedimos que nos digan que é un garfo, o incorrecto sería dicir que é para comer. O correcto sería dicir que é un cuberto que usamos na mesa cando imos comer.

Outras técnicas para favorecer a expresión oral son:

- Facer exercicios de utilización de opostos: branco/negro, frío/quente...

- Facer exercicios de analoxías do tipo: "eu son un neno, miñá irmá é unha nena" "Pola mañá sae o sol, pola noite sae a lúa", ...

- Xogar a buscar palabras que empecen pola mesma letra, "coche, cabalo, culler, culpa ..."

5. Hai nenos/as que tardan en comprender a utilidade de empregar algunhas palabras como nexos, preposicións, etc. Por iso, non debemos deixar que non o usen. Por exemplo, o axeitado é dicir "miña nai vai comer un plátano e unha pera" e non "miña vai comer plátano, pera".

6. Lerlles contos e explicarllelos. Logo preguntámoslles: "quen..." "que facía..." "onde..." etc. E ao final pedirlle que faga un relato, que o conte el/ela.

7. Coidado co ton de voz do neno/a. Acostumalo a usar un ton de voz cunha intensidade normal, evitalos berros, intentar falar cara a cara, pois o neno/a falará segundo o modelo que se lle presente. Non debemos permitir que abuse ou faga mal uso do seu aparato fonador falando a berros. Deste xeito, evitaremos disfonías infantís (os nenos/as quédanse afónicos/as), que a estas idades soe aparecer.